

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN FORESTAL PARA O OBXECTO "LIMPEZA FORESTAL" NO CONCELLO DE CURTIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN.

EXPEDIENTE: 2021/G003/000595

Exp. Persoal: 2021/E001/000016

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril), este Concello solicita unha achega para a contratación de catro peóns/peoas forestais.

En resposta ao anterior, o 02/07/2021 emítase pola administración autonómica escrito coa resolución de concesión dunha achega para a contratación dun peón/peoa-forestal.

Tras o proceso de selección correspondente, o día 19/7/21 José Manuel Rico Espiñeira iniciou o contrato de traballo temporal e finalizou contrato o 20/8/21, por non superación do periodo de prueba.

Tendo en conta a orde da subvención e os prazos que ésta esixe para a substitución do traballador, urxe realizar o proceso selectivo coa máxima celeridade, o que xustifica a redución nos prazos do procedemento.

Visto o anterior, e considerando que a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación, por aplicación do artigo 21.1 g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar novo proceso selectivo mediante oposición, para a contratación, como persoal laboral temporal, dun peón/peoa-forestal para o obxecto "Limpeza Forestal" no Concello de Curtis.

SEGUNDO.- Que se presente ante o Servizo Público de Emprego unha oferta de emprego para a obtención dun listado de aspirantes que cumpran as condicións sinaladas nas bases, e conforme ao disposto na dita Orde, e que se dea publicidade ás bases que figuran coma anexo no presente decreto a través da páxina web (www.curtis.gal) e os taboleiros de anuncios do concello.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez

BASES PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN FORESTAL DO CONCELLO DE CURTIS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “LIMPEZA FORESTAL”.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a contratación dun peón/peoa-forestal a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, e utilizando a oposición como sistema de selección, para a realización da obra ou servizo denominado: “LIMPEZA FORESTAL” segundo a subvención concedida a este Concello, pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de mprego e Igualdade ao abeiro da *Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril)*

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO, SALARIO DO/DA TRABALLADOR/A E FUNCIÓNS.

A duración do contrato será de sete meses dende a súa sinatura, cunha xornada de traballo a tempo completo, a distribución do tempo de traballo será segundo as necesidades do servizo. A data límite para formalizar as contratacións é o día 19 de setembro de 2021, segundo establece a resolución de concesión da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade.

A persoa traballadora recibirá un salario bruto de 1.143,33 euros/mes, por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional da paga extra que lles correspondan.

As tarefas a realizar serán as de prevención de incendios forestais, protección e mantemento dos espazos naturais do Concello de Curtis mediante o desenvolvemento de tarefas de limpeza forestal, protección e conservación da riqueza biolóxica natural.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN.

- 1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- 2.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- 3.- Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e consecuentemente ser candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa oferta de emprego realizada polo Concello de Curtis.
- 4.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte. Acreditarase mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- 5.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- 6.- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

7.- Non ter sido contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas, segundo se indica no artigo 14.2 da dita Orde do Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril)

8.- Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego, de carácter obrigatoria. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto” (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

9.- Estar en posesión do carné de conducir B.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación. Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- O Concello de Curtis dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Betanzos facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/a a contratar conforme á base anterior.

2.- O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se estiveran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, debendo remitir ao Concello os candidatos correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14.5 da Orde citada anteriormente, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

3.- A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego que presentarán instancias no rexistro xeral do Concello para a participación neste proceso selectivo; solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo I.

4.- A instancia de solicitude de participación neste proceso selectivo, acompañarase de:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do carné de conducir B.
- Declaración de cumprir os requisitos sinalados nos puntos 3, 4, 5, 6, e 7 da cláusula terceira destas bases (Anexo I)
- Para acreditar algunha das circunstancias que na Orde se establecen como criterios de preferencia, deberán presentar a documentación correspondente.
- Celga 1 ou documento equivalente, se fora o caso.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Esta documentación deberá acompañar á solicitude de participar neste proceso selectivo, que os interesados presenten no rexistro de entrada.

5.- As solicitudes (anexo I) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Curtis como data límite o 15 de setembro de 2021, mediante instancia dirixida ao sr. alcalde-presidente, ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante correo electrónico concello@curtis.es durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e de excluídos/as, indicando a causa de exclusión. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web do concello (www.curtis.es), concedendo, no seu caso, un prazo de un día hábil para a subsanación das deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo de subsanación, o alcalde ditará resolución polo que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución se sinalará tamén o día, hora e lugar na que se realizará a fase de oposición do procedemento de selección, e será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.curtis.es).

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O Tribunal Cualificador estará composto polos seguintes membros titulares:

Presidente/a:

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Vogais:

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

Secretario/a:

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola alcaldía.

2.-Os membros do Tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo seren nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.-O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do procedemento de selección, en todo o non previsto nestas Bases.

6.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

SÉTIMA.- COMENZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS.

1.- Con carácter xeral, para todas aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciaranse por orde alfabética do primeiro apelido, comezando pola A.

2.-Os/As aspirantes serán convocados/as para o procedemento de selección en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación aos exercicios no momento de seren chamados/as comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas e quedará excluído/a do procedemento de selección. Mailo anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificando e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar aos aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

3.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñece-la identidade do aspirante.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, DÍA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

Constará dunha fase de oposición

FASE DE OPOSICIÓN: proba práctica.

Proba práctica: Puntuación máxima:10 puntuación mínima: 5

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co posto de traballo a desenvolver, proposta polo tribunal cualificador. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no art. 14 da citada Orde relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, que serán os que se especifican a continuación e polo seguinte orden de preferencia:

- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3) Parados/as de longa duración.
- 4) Persoas con discapacidade.
- 5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- 6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- 8) Por último, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

NOVENA .- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN E RESOLUCIÓN.

1.- Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta de lista de reserva de contratación dos/as aspirantes, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que poidan ser contratados segundo as necesidades do servizo.

2.- A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Curtis (www.curtis.gal), na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

3.- Os/as aspirantes propostos/as achegarán a mesma documentación presentada para participar no proceso selectivos debidamente compulsada e ademais:

- Certificado ou informe médico acreditativo do cumprimento do disposto no punto 4 da base terceira.
- Certificado da oficina de emprego, emitido con anterioridade á sinatura do contrato, de que a persoa está inscrita na oficina como demandante non ocupada dispoñible para o emprego, que previa autorización do interesado/a poderá ser comprobado de oficio polo Concello de Curtis.

4.- A non presentación de dita documentación antes da contratación, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados.

DÉCIMA.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.- Unha vez presentada esa documentación polo/a aspirante seleccionado/a, ditarase resolución da Alcaldía na que se acordará as oportunas contratacións e aprobará a lista de reserva, e consecuentemente formalizarase o correspondente contrato laboral. Esta resolución publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, o que substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao art. 45 da Lei 39/2015.

2.- Establécese un período de proba máximo legal, conforme ao artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDÉCIMA.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA.

1.- As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por "causa xustificada" ou "non xustificada".

2.- Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico)
- O estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a).

3.- O/a candidato/a terá un prazo de un día hábil para achegar a devandita documentación acreditativa destas causas, dende o chamamento realizado.

4.- Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez que renuncie pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por Decreto da Alcaldía.

5.- A renuncia voluntaria e sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos que os sinalados no parágrafo anterior.

DUODÉCIMA.- INCIDENCIAS

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN/PEOA-FORESTAL PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "LIMPEZA FORESTAL" DO CONCELLO DE CURTIS.

DON/DONA con
DNI....., e con enderezo a efectos de notificacións
en....., e
número de teléfono, enterado/a da convocatoria do procedemento selectivo
para a contratación como persoal laboral temporal dun peón/peoa-forestal para a realización do servizo
denominado "Limpeza Forestal" do Concello de Curtis, manifesta:

- Que desexa participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que SOLICITA que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar en dito procedemento.
- Que esta inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego non ocupado e con dispoñibilidade para o emprego.
- Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Que non foi contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas, segundo se indica no artigo 14.2 da dita Orde do 12 de abril de 2021 (DOG núm.73, do 20 de abril)
- Que posúe todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias.
- Que achega a seguinte documentación (*indíquese cunha X o que proceda*)
 - Fotocopia do D.N.I.
 - Fotocopia do carné de conducir B.
 - Fotocopia do título CELGA 1 ou equivalente.
 - Documentación acreditativa dos criterios de preferencia sinalados no punto 2 da cláusula cuarta.

Ante a falta do título CELGA 1 ou equivalente, solicítase a realización dun exame de galego a efectos dos previsto no punto 4 da cláusula cuarta destas bases.

Curtis,..... de de 2021.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS

AUTORIZACIÓN DE CONSULTA

DON/DONA con
DNI....., e con enderezo a efectos de notificacións
en....., e
número de teléfono

EXPÓN

Autoriza ao Concello de Curtis a solicitar á Oficina de Emprego un informe previo a súa contratación laboral pola entidade local de estar inscrito na oficina de emprego como persoa demandante de emprego non ocupada e dispoñible para o emprego.

Curtis, de de 2021

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS